



CAMPO DE VOLUNTARIADO

“SALVEMOS O MAR: PLÁSTICOS CERO”

VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
28/7-8/8/2020	18-30	AUTONÓMICO	MEDIOAMBIENTAL E MARIÑO	12

LOCALIZACIÓN

Vilanova de Arousa é un pequeno concello costeiro que se localiza ao oeste da Mancomunidade do Salnés, na provincia de Pontevedra.



DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

Este campo centrarase na recuperación ambiental da costa dende a praia das Sinas ata o porto de Vilanova de Arousa, pasando pola praia do Bao, a praia da Braña, a illa da Insuíña, a área de bateas de Vilanova.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Actividades náuticas e na natureza como: mergullo de superficie, kayak, sendeirismo, tiro con arco. Visitas e excursións: Museo do Mar do Grove, Centro de Interpretación do Siradella (zona intermareal Umia-Illa de Ons), visita aos portos pesqueiros e deportivos de Vilanova de Arousa.



COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren.

Dende Vigo o servizo de autobús faino a compañía

www.monbus.es ata Pontevedra e dende alí ata Vilagarcía www.autocaresnb.com. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

ALOXAMENTO

No Albergue Xuvenil das Sinas (en tendas de campaña). A manutención será no comedor do albergue.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11212-albergue-xuvenil-as-sinas-vilanova-de-arousa>



INCORPORACIÓN

O primeiro día na estación de tren de Vilagarcía de Arousa. É necesario comunicar a través de correo electrónico a hora de chegada para poder coordinar o traslado ao albergue.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.





CAMPO DE VOLUNTARIADO

“SALVEMOS O MAR: PLÁSTICOS CERO”

VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Artigos de limpeza (bolsa de aseo) e unha toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupa: roupa deportiva (suadoiros...) traxe de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...) roupa de abrigo (adecuada para traballar baixo a choiva ou con clima frío) abrigo impermeable, roupa de traballo (guantes, gorro / sombreiro, calzado cómodo...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel. 981 957 115.

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Vigo. Tel. 986 817 079

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...